

CONTRATACIÓN TEMPORAL:

PROVISIÓN TEMPORAL:

NORMAS PARA A XESTIÓN DE LISTAS DE AGARDA

Reunión do 19-01-01. Aprobadas as bases da primeira a sexta.

INTRODUCCIÓN

En desenvolvemento do artigo 19 do Regulamento do Persoal de Administración e Servicios desta Universidade e co obxectivo de atende-las necesidades de persoal dunha forma áxil, a través dun procedemento único, xeral e público, no marco da Comisión de Política de Emprego apróbase o baremo e as normas que permiten a elaboración, xestión, seguemento e control de bolsas de emprego para a provisión temporal das vacantes que se produzan, tanto polo crecemento de actividades e pola creación de novos servicios da Universidade de Vigo, como para cubri-las necesidades de substitución do persoal fixo.

I. LISTAS DE AGARDA

A. ELABORACIÓN

Primeira: Concluído o correspondente proceso selectivo, a Xerencia elaborará de oficio listas de agarda para a provisión con carácter temporal de prazas reservadas a persoal funcionario ou a persoal laboral, que substituirán ás que poideran existir ata ese momento.

De non existir proceso selectivo previo para a provisión definitiva en determinadas categorías e escalas, e sendo necesario proceder á provisión dos postos antes da celebración deste, convocarase un proceso específico para a provisión temporal, no que terán preferencia os traballadores fixos.

Segunda:¹ Para formar parte da lista será necesario ter superado, alomenos, un dos exercicios obrigatorios da fase de oposición. Elaborarase sumando:

- á puntuación obtida nos distintos exercicios, comezando polos candidatos que os superen todos e descendendo sucesivamente ata os que só superasen o primeiro
- a puntuación da fase de concurso

PROPOSTA MODIFICACIÓN

Segunda: A lista elaborarase sumando:

- á puntuación da fase de concurso, á puntuación obtida nos distintos exercicios, comezando polos candidatos que os superen todos e descendendo sucesivamente ata os que só superasen o primeiro.

A continuación figurarán os que obteñan puntuación por experiencia na categoría na fase de concurso.

A puntuación por experiencia será a acumulada ate o momento de elaboración das listas.

¹ Aprobada o 13 de marzo de 2003 por unha subcomisión constituída ao efecto da que foramron parte o Xefe de servizo de recursos humanos, o Presidente da xunta de persoal funcionario e o Presidente do comité intercentros.

B. XESTIÓN

Terceira: A participación en distintos procesos selectivos dará dereito a figurar simultaneamente nas respectivas listas de agarda.

ÁS/Ós traballadores/as contratados/as ofreceráselles outro contrato cando corresponda a unha categoría superior ou ben se lle ofrezca un contrato de interinidade, tendo dereito a optar entre o novo posto e o que viñan desempeñando.

Producido o cesamento por finalización do contrato, as/os traballadoras/es permanecerán na lista de agarda na orde de prelación orixinaria.

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN

Terceira: A participación en distintos procesos selectivos dará dereito a figurar simultaneamente nas respectivas listas de agarda.

ÁS/Ós traballadores/as contratados/as ofreceráselles outro contrato, , tendo dereito a optar entre o novo posto e o que viñan desempeñando, cando o contrato corresponda:

- a) a unha categoría superior
- b) a unha categoría distinta do mesmo grupo de cualificación profesional
- c) a unha interinidade
- d) a unha substitución, obra ou eventualidade dunha duración previsible igual ou superior a seis meses.

Producido o cesamento por finalización do contrato, as/os traballadoras/es permanecerán na lista de agarda na orde de prelación orixinaria.

Cuarta: Causarase baixa nas listas de agarda polas causas seguintes:

- a) Por renuncia.
- b) Por rexeitar un contrato sen causa xustificada.

Con carácter xeral consideraranse causas xustificadas:

1. Cumprimento do servizo militar ou prestación social substitutoria.
2. Maternidade ou adopción legal (consonte ó establecido no artigo 38 do III Convenio colectivo para o persoal laboral das universidades públicas de Galicia).
3. Incapacidade temporal.
4. O exercicio dunha actividade laboral mediante contratación temporal.
5. A contratación pola Universidade de Vigo noutra categoría que supoña mellora de contrato.
6. Aqueloutras apreciadas con carácter excepcional e individualmente pola Comisión de Política de Emprego.

As causas deberán ser suficientemente acreditadas diante da Xerencia.

Desaparecida a causa o interesado deberá comunica-la súa dispoñibilidade para ser contratado.

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN

Cuarta: Causarase baixa nas listas de agarda polas causas seguintes:

- a) Por renuncia.
- b) Por rexeitar un contrato sen causa xustificada.

Con carácter xeral consideraranse causas xustificadas:

1. Maternidade ou adopción legal (consonte ó establecido no artigo 48 do I Convenio colectivo para o persoal laboral da Universidade de Vigo).
2. Incapacidade temporal.

3. O exercicio dunha actividade laboral mediante contratación temporal.
4. Aqueloutras apreciadas con carácter excepcional e individualmente pola Comisión de Política de Emprego.

As causas deberán ser suficientemente acreditadas diante da Xerencia.

Desaparecida a causa o interesado deberá comunica-la súa dispoñibilidade para ser contratado.

Quinta: Agás causa xustificada, consonte a norma anterior, dende a oferta de contratación ó inicio da relación laboral non mediarán máis de cinco días hábiles. A non incorporación neste prazo considerárase rexeitamento inxustificado do contrato e conlevará a baixa na lista de agarda.

A oferta de contratación realizarase por escrito só de apreciarse a posible concurrencia de causa, xustificada ou non, de rexeitamento da correspondente oferta de emprego.

Sexta: As listas de agarda serán públicas e expóranse no taboleiro de anuncios do Rectorado. Estarán inicialmente integradas por un máximo de 75 persoas. ~~que, de ser necesario, poderán ampliarse de acordo cos criterios establecidos na base terceira.~~

PENDENTE DE APROBACIÓN

II. CAMBIOS DE QUENDA, TRASLADOS E FUNCIONS DE SUPERIOR CATEGORÍA.

Sétima: Provisión temporal.

Cando exista a necesidade de cubrir un posto de traballo que posibilite o cambio de quenda, localidade ou categoría, atenderanse os seguintes criterios:

a) Cambio de quenda. De existiren varias solicitudes a prelación establécese na seguinte orde: persoal do campus, persoal fixo, persoal contratado, antigüidade da solicitude, antigüidade na categoría, antigüidade nas universidades públicas galegas.

b) Cambio de localidade. De existiren varias solicitudes a prelación establécese na seguinte orde: persoal fixo, persoal contratado, antigüidade da solicitude, antigüidade na categoría, antigüidade nas universidades públicas galegas.

c) Cando corresponda a categoría distinta, cubrirase consonte coa normativa de listas de espera que será elaborada no seo da comisión de política de emprego, ou no seu defecto por acordo entre a xerencia e o comité intercentros.

Se a provisión temporal dun posto de traballo ten unha duración previsible inferior a tres meses, só se autorizará un cambio de quenda, localidade ou categoría e será substituído o traballador polo que corresponda consonte co normativa de listas de espera.

Oitava: Cambios de quenda e localidade:

- a) O persoal laboral que desexe optar ao cambio de quenda deberá solicitalo por escrito á xerencia da Universidade A presentación dunha nova solicitude de cambio de quenda ou a concesión dun cambio de localidade, anula á anterior.
- b) O persoal laboral que desexe optar ao cambio de localidade deberá solicitalo por escrito á xerencia da Universidade. A presentación dunha nova solicitude de cambio de localidade anula á anterior.
- c) Nas solicitudes deberán figurar os seguintes datos: nome do solicitante, centro de traballo, categoría, quenda, tipo de contrato (fixo ou temporal) e teléfono de contacto. Os datos

vinculan aos solicitantes que deberán comunicar calquera variación dos mesmos ao Servizo de recursos humanos.

Novena: O Servizo de recursos humanos elaborará para cada categoría unha lista de cambio de quenda e outra de cambio de localidade. Nelas constarán os seguintes datos: nome do solicitante, data da solicitude, tipo de contrato (indefinido ou temporal), antigüidade na categoría, antigüidade nas universidades públicas galegas, obsevacións. As listas ordearánse segundo os criterios establecidos no artigo 18 do I Convenio.

Décima: Cando exista un posto de traballo que posibilite o cambio ofreceráselle a quen lle corresponda pola orde establecida na lista correspondente. De rexeitalo decaerá na solicitude. Se non fora posible establecer comunicación nun prazo de 48 hs. continuará na lista na posición que lle corresponde, ofrecéndolle o posto ao seguinte da lista.

Undécima: Cando o posto ofertado sexa rexeitado ou non se poida establecer comunicación, anotarase nas observacións ás circunstancias relativas á comunicación mantida co solicitante ou a imposibilidade de establecela, segundo o caso, que servirán de proba para formular ou responder ás posibles reclamacións.

Duodécima: Cando o traballador ou traballadora estivera en situación de incapacidade temporal ou desenvolvendo funcións de categoría superior, non se lle ofrecerá a posibilidade de cambio. Se estivera a disfrutar dun permiso, vacacións ou unha licenza poderá reuniciar ó cambio. En ámbalas situacións, continuará na lista na mesma posición.

Décimo terceira: Cando un traballador ou traballadora obteña, pola participación nun concurso de traslados, un cambio de quenda ou localidade con carácter definitivo, decaerán as solicitudes de cambio provisional de quenda ou localidade que presentara.

III. COMISIÓNS DE SERVICIO

Será responsabilidade da Xunta de persoal.

CLÁUSULAS ADICIONAIS

Primeira: As listas elaboradas conforme ás normas de xestión vixentes ata o momento de sinatura das actuai, seguirán en vigor e as contratacións continuarán rexendose por aquelas ata o remate dos procesos selectivos para acceder á escala ou categoría correspondente, ou ben ata a desaparición ou extinción destas.